

# Recomendacións UPF-CAE

Para unha cobertura xornalística ética dos outros animais



CC Davniku brivba

**Xullo 2016**

**UPF Centre for Animal Ethics**



*Redacción:* Estas recomendacións foron elaboradas polos membros do consello científico do UPF Centre for Animal Ethics (UPF-CAE) coa colaboración das investigadoras de Animalsandmedia.org.

*Imaxes:* Dzivnieku Briviba (raposo), Marcel Oosterwijk (vaca), Tim Geers (porcos), Tammy Lo (candorca), Juhan Sonin (galiña), Magnus Johansson (chimpancé), Jonás Amadeo Lucas (atúns), Ray Dumas (cervos). Uso baixo licenza de Creative Commons (CC-By-SA 2.0). A imaxe do rato de laboratorio é de dominio público.

*Deseño gráfico:* Samara Maultasch.

*Tradución:* Rosalía Balboa Díaz

*Revisión:* Susana Mendez

**Xullo 2016**

**UPF Centre for Animal Ethics**





## **Recomendacións para unha cobertura xornalística ética dos outros animais**

Hoxe en día, a idea de que os intereses humanos se encontran por riba dos intereses dos animais doutras especies xa non é defendible. Que o sufrimento dos animais importa e que non se poden pasar por alto os intereses dun individuo polo mero feito de pertencer a outra especie constitúe un dos grandes progresos morais da humanidade. Que os outros animais merecen consideración ética porque teñen intereses propios non só é unha idea amplamente aceptada, senón que tamén está cientificamente sostida, desde Charles Darwin e, máis recentemente, de maneira contundente, desde os campos da neurociencia, a bioloxía evolutiva ou a etoloxía e a cognición animal – que corroboraron que os outros animais tamén experimentan dor física e psicolóxica, emoción e sentimentos. En 2012, un amplo grupo de científicos e científicas de recoñecido prestixio asinaron a Declaración de Cambridge sobre a Consciencia, onde se recoñece que unha grande maioría dos animais non humanos teñen consciencia. Por outra banda, en 2009 o Tratado de Lisboa recoñeceu a relevancia xurídica do sufrimento dos animais non humanos para a lexislación europea.




## Obxectivos destas recomendacións:

- a.** Incrementar o respecto humano polos individuos das demais especies para poder representalos nas informacións de maneira precisa, xusta e obxectiva.
- b.** Romper co falso dualismo humano/non humano e substituílo por visións inclusivas:
  - De diversidade inclusiva, que nos permita representar a realidade dentro dun marco non de dominación (xerarquía dos seres humanos sobre os outros animais), senón de plena inclusión de todos os individuos sensibles na esfera de consideración moral, sexa cal sexa a súa especie, etnia, cultura ou orixe.
  - De xustiza social inclusiva, que nos permita representar a realidade dentro dun marco de respecto, axuda e solidariedade non discriminatorio por razóns de especie (os intereses e dereitos dos animais e os dos seres humanos non son autoexclusivos).
- c.** Revelar as relacións de poder especistas (lexitimadoras das relacións de opresión sobre as outras especies pola suposta superioridade da especie humana) estruturalmente análogas ás opresións que xa estamos combatendo (machismo, racismo, clasismo, homofobia, discriminación cultural, discriminación das persoas con diversidade funcional, etc.).
- d.** Servir ao interese público e ao progreso social para promover unha diminución global da violencia no planeta, lembrando que, ante o sufrimento, non se pode permanecer neutro.



## Recomendacións

- 1. Dar cobertura informativa á vida dos individuos das outras especies de maneira regular (non só puntualmente e en contextos negativos).**
- 2. Evitar as perspectivas antropocéntricas utilizando os animais non humanos como fontes.**
- 3. Dar cobertura informativa ás organizacións de defensa dos animais non humanos.**
- 4. Utilizar a linguaxe apropiada (neutra e obxectiva).**





# 1. Cubrir informativamente a vida dos individuos das outras especies de maneira regular (non só puntualmente e en contextos negativos)

Os animais non humanos aparecen habitualmente nas noticias só de maneira secundaria, en función dos nosos intereses e necesidades. Para compensar isto, podemos:

**1.1.** *Dedicar tempo e espazo a dar cobertura de maneira rutineira ás interaccións entre seres humanos e os demais animais* (crear noticias sobre isto para incrementar a consciencia de que os animais doutras especies son suxeitos de intereses e de atención).

**1.2.** *Recoñecer e incluír a perspectiva dos animais non humanos nas historias nas que están implicados* (en accidentes, guerras, crimes, alimentación, enerxía, política, ciencia, estilos de vida). Dito doutro modo, deixar de incluír unicamente a perspectiva humana e aquilo que a beneficia.

**1.3.** *Investigar a explotación dos outros animais na sociedade actual e as consecuencias desta utilización*, sobre todo o sufrimento psicolóxico e físico que lles causan as prácticas legais e habituais (a explotación nas granxas, a caza, a experimentación, ou mantelos en cativerio en zooloxías ou circos, etc.) ademais das ilegais (caza de especies en extinción, loitas ilegais, rituais relixiosos, etc.). Considerar eticamente estas investigacións: preguntarnos se realmente é necesario e se temos dereito a utilizar os outros animais como facemos. Investigar tamén o realismo e a viabilidade das prácticas denominadas “máis humanas”.



## 2. Evitar as perspectivas antropocéntricas utilizando os animais non humanos como fontes

Dado que os seres humanos somos quen consome as noticias, as historias adoitan estar centradas en priorizar os individuos da nosa especie. Para evitar esta perspectiva antropocéntrica (da mesma maneira que debemos evitar o prexuízo racial ou sexista) recomendamos:

**2.1.** *Identificar e recoñecer os intereses dos animais doutras especies implicados (relacionados co seu hábitat, territorio, alimentación, seguranza e coa ausencia de dor, sufrimento e ansiedade).*

**2.2.** *Representar os outros animais como individuos que senten (con quen compartimos o planeta) e non mediante perspectivas centradas nos seres humanos. É preciso evitar estereotipar as especies: non definilas polo uso que facemos delas (alimento, mascotas, presas, peles, xogos) nin con metonimias (animais de granxa, vacas leiteiras, galiñas poñedoras, etc.) senón polo que son (individuos, seres explotados pola súa carne, pel ou fluídos, compañeiros, etc.).*

**2.3.** *Dedicar espazo e tempo a explorar as interaccións complexas entre os seres humanos e o resto de seres sensibles do planeta, cuestionando os prexuízos culturais que provocan preferencias inxustificadas por unhas especies por riba doutras (é un prexuízo preferir os golfinhos aos peixes, os cabalos ás vacas, os cans aos lobos, os rousinois ás galiñas, os vertebrados aos invertebrados, etc.).*



- 2.4.** *Reproducir (se for posible audiovisualmente) as formas nas que se comunican os animais, estean en liberdade ou en cativeiro, para nos familiarizar coas maneiras nas que se expresan, e educar o público nas súas vidas.*
- 2.5.** *Interpretar a comunicación das outras especies cando sexa evidente (mostras de alegría, curiosidade, tristeza, ira, afecto, ansiedade, tedio, gana de xogar, etc.). Nalgúns casos pode ser necesario consultar profesionais para interpretar os matices desde unha perspectiva non antropocéntrica.*
- 2.6.** *Asegurarse de que as fontes citadas inclúan sempre e de maneira equilibrada voces que introduzan a perspectiva e os intereses dos outros animais. Pode tratarse de profesionais da bioloxía, etoloxía, veterinaria, membros da avogacía que defenden aos animais, persoas que coidan animais e que viven con eles, persoas veganas (persoas que por razóns éticas non consomen nin empregan produtos de orixe animal), etc. En todos os casos é importante verificar que estas voces sexan independentes e que non traballen directa ou indirectamente para industrias relacionadas coa explotación dos animais.*
- 2.7.** *Evitar definir os outros animais apelando a estipulacións arbitrarias que favorezan a súa representación negativa como especies "invasoras", "agresivas", "molestas", "sucias", etc.*
- 2.8.** *Agás que a información se refira a animais en cativeiro, ofrecer sempre imaxes dos animais no seu medio e en estado libre, nos seus hábitats naturais.*
- 2.9** *Evitar caer na idealización da vida en estado salvaxe e na celebración dos procesos naturais cando impliquen a morte e o sufrimento dos animais.*



### **3. Dar cobertura informativa ás organizacións defensoras dos animais non humanos:**

Para garantir a inclusividade e a xustiza recomendamos:

**3.1.** *Equilibrar as fontes gobernamentais e da industria con fontes activistas en todos aqueles temas que afecten os outros animais.* As cuestións que impliquen a animais non humanos non deben ser abordadas como meros temas económicos, reguladores ou de contaminación pública, senón tamén desde a perspectiva dos grupos que traballan na súa defensa.

**3.2.** *Evitar que a única información que se proporcione sobre as organizacións de defensa dos animais non humanos sexa cando estas leven a cabo actuacións de protesta ou liberacións de animais en granxas.* Debe proporcionarse o contexto completo e a historia destas organizacións dando cobertura tamén a aquelas campañas que non sexan tan espectaculares. O obxectivo é dar cobertura á esencia do que fan, non só ao espectáculo.

**3.3.** *Estar dispostos e dispostas a difundir imaxes non autorizadas, cuxa veracidade fora confirmada, que mostren a realidade da nosa relación cos demais animais.* Noutros casos, tamén a obter estas imaxes. Isto permite crear debate na sociedade. Os cidadáns e as cidadás teñen dereito a coñecer esta realidade.



**3.4.** *Evitar confundir as organizacións ecoloxistas (centradas na preservación dos ecosistemas e das especies) coas organizacións de defensa dos animais non humanos (que se centran no sufrimento dos individuos dentro dos ecosistemas e das especies).*

**3.5.** *Evitar confundir as organizacións de benestar animal (que non piden a abolición da explotación dos animais non humanos, senón o incremento do seu benestar no marco da súa explotación) coas organizacións abolicionistas (que loitan polos dereitos dos animais e piden a erradicación da súa explotación).*





## 4. Utilizar a linguaxe apropiada (neutra e obxectiva)

Igual que coa linguaxe podemos denigrar, desvalorizar e menosprezar certos seres humanos por motivos de raza, sexo, orientación sexual, etc., a linguaxe especista tamén é unha maneira de aumentar o prexuízo antropocéntrico, reforzalo e perpetualo. Isto pasa cando se promove unha falsa dicotomía xerarquizante entre seres humanos e non humanos, e se sitúa ao ser humano nunha dimensión separada e superior á do reino animal para xustificar a utilización deste último. Para evitar esta linguaxe recomendamos:

**4.1.** *Buscar a máxima precisión na terminoloxía.* Aclarar que inclúe o termo “animal” e usar expresións como “animais non humanos”, “os outros animais”, “as outras especies” ou similares. O obxectivo é fomentar a inclusividade recoñecendo que os seres humanos tamén son parte do reino animal. Debemos buscar a precisión tamén no tipo de categoría animal á que nos referimos, por exemplo: animais explotados nas granxas, animais en liberdade, primates non humanos, animais acuáticos, especies en perigo de extinción.

**4.2.** *Evitar cousificar os animais cando nos referimos a eles.* Evitar empregar expresións que desvanezan o carácter de individuos con consciencia e capacidade de sentir dos outros animais: evitar falar de “capturas”, “unidades”, “cabezas de gando”, “material xenético”, “espécimes”, etc.



**4.3.** *Evitar eufemismos e metáforas (bélicas, de caza, etc.) e buscar a obxectividade.* Igual que non dicimos que unha persoa “é discapacitada”, senón que dicimos que “ten unha discapacidade” ou “diversidade funcional”; igual que dicimos que unha persoa “está escravizada” no canto de dicir que “é un escravo”, debemos evitar usar os eufemismos que emprega a industria. Por exemplo, debemos dicir que os outros animais viven explotados, que son utilizados, etc., ou cando un animal escapa de onde está confinado e os seres humanos o matan, o animal non debe ser criminalizado, dicindo que foi “abatido” ou “sacrificado” (o animal que escapou non cometera ningún crime nin dera o seu consentemento para morrer; en realidade, foi “matado a tiros” ou “executado”).

**4.4.** *Evitar a falsa neutralidade.* Os seres humanos utilizamos de diferentes maneiras, e de xeito cruel, milleiros de animais aos que explotamos no noso beneficio, deixamos sen hábitat, utilizamos como entretemento ou experimentamos con eles pola nosa saúde ou, na maior parte das veces, por cuestións moito máis triviais (produtos de limpeza, cosméticos, xoguetes, etc.). A dor e o sufrimento que lles infleximos é enorme. Trátase dunha situación na que unha especie utiliza individuos doutras especies no seu propio interese. Hai un claro desequilibrio de poder entre os seres humanos, que ocupan a posición de forza, e as outras especies, que non se poden opoñer. Os e as xornalistas deben reflectir sobre se a actitude neutra é ética nesta situación.





**UPF Centre for Animal Ethics**  
Universitat Pompeu Fabra  
Departament de Comunicació  
Roc Boronat, 138  
08018 Barcelona  
cae@upf.edu  
<https://www.upf.edu/cae>

**Xullo 2016**  
**UPF Centre for Animal Ethics**

